

Ler e comprender

Le e responde as preguntas que tes ó final:

A semana pasada Miros recibiu unha carta da nai. O que de primeiras parecía unha festa, transformouse nunha fonte de preocupación para todos. Á señardade da familia que lle produciron aquelas letras viñéronse a engadir as tremendas noticias que difundían os telexornais sobre avances de tropas, bombardeos, fuxida da poboación e refuxiados.

O caso é que o meu compañeiro se sumiu nunha enorme tristeza e nosoutros non viamos remedio para atallarlla. Foi entón cando falei cos amigos e decidimos xuntarnos na cabana, que era o lugar onde máis libres nos sentiamos.



–Que poderíamos facer nós para que lle poñan fin dunha vez á guerra? –espetoulle Alba a Miroslav.

Todos quedamos cortados e en silencio, pois esperabamos que o tema se tratase dun xeito menos brusco.

–Non te preocupes, Alba –contestou el con moito tempero–. É moi difícil convencer os que levan o mando e encirran na xente para fomentar odios entre uns e outros. A vosa amizade e os bos desexos xa son algo moi positivo.

O silencio e unha enorme mágoa invadiu de novo os muros de táboas que argalláramos na maceira. Cadaquén estivo perdido nos seus pensamentos ata que Abel se decidiu a falar.

–Non abonda cos bos desexos. Eu opino que debiamos pintar unha gran pancarta e colocala na bandeira máis alta do campo de fútbol ou na porta da Casa do Concello para que a vise todo o mundo. Se estamos en contra da guerra, témolo que manifestar.

–Aínda mellor sería alugar unha avioneta e encher a cidade de papeliños pedindo a paz –engadiu Alba.

–Estáseme ocorrendo outra cousa –soltou de súpeto Elsa–. Non temos avioneta, pero quizais poidamos botar man de algo que se lle asemella moito no de andar por entre as nubes.

–E que é? E que é? –interesámonos todos a un tempo.

–Non vos parece que quizais nos valla para a nosa empresa o globo das festas? –aclarou.

–E que intentas argallar co globo? –indagou incrédula Alba.

–Podíamos pedirilles aos da comisión que en vez de debuxarlle chistes, escriban unha mensaxe en contra da guerra.

–Non parece mala idea –comentei.

–Aínda sería mellor que o globo o fixésemos nós... –suxeriu Abel.

–E como? –parecían preguntar as nosas caras de sorpresa.

–Non vos poñades así. Con papel especial, cola, mecha e pouco máis. Eu teño visto como os fan.

–Non somos expertos. Levaríanos unha chea de tempo, e ao mellor para que resultase un fracaso. Penso que é mellor botar man do das festas –concluíu Alba.



Dando xa por finalizado o tema, fixemos timidamente as primeiras sondaxes cos da comisión e como vimos que a idea lles pareceu fenomenal, puxémonos mans á obra.

Era doado que o globo levase pintado "PAZ PARA BOSNIA", pero xa non era tan fácil provocar a chuvia de papeliños.

A continuación mobilizamos a todos os coñecidos para que nos fixesen o maior número de pombas de papel que puidesen.

Nosoutros faciamos o mesmo e fómolos xuntando por centos e por miles na cabana, onde Dalia as coidaba día e noite tal como se se tratase dun tesouro.

Por fin, chegou o día sinalado. Unha multitude de persoas abarrotaba a praza maior esperando a que o lume da mecha realizase o milagre.

O globo comezou o seu ascenso coa petición de paz lucindo na súa barriga. Todas as cabezas miraban para o alto. Nosoutros nin nos atreviamos a respirar. De súpeto, unha nube ocultouno por completo e os festeiros volveron ás súas conversas, coidando que o globo xa encubrira definitivamente, ao tempo que nosoutros comezabamos a sumirnos nunha profunda desilusión.

–Funcionou! Funcionou! –exclamou de súpeto Alba.

–Oooh! Que bonito! –exclamaba a xente ao veren como planaban as nosas paxariñas de cores.

Unha chuvia de pombas sobre a cidade foi a noticia coa que abriron os telexornais. Ningún home do tempo soubo explicar que estraña borrasca descargara semellante chuvia de papel.

Os da cabana abrigamos a esperanza de que un bombardeo de pombas valla máis ca mil bombardeos de explosións e que algún personaxe importante da política entenda a nosa mensaxe.

- Onde vive a nai de Miroslav?
- Cal é o lugar de reunión do grupo de amigos?
- Que leva sempre o globo das festas?
- Que é o que leva o globo desta vez?
- Quen se encarga de coidar as pombas de papel? Onde as teñen gardadas?
- Que quixeron conseguir lanzando as pombas sobre a cidade?